



COSTA DE CARNOTA

Adela Leiro, Mon Daporta
decembro 2018



Distancia: 40 km (lineais)
+ camiñadas
Dificultade: baixa

O concello de Carnota está situado fronte á costa de Fisterra, entre o remate das rías Baixas e o comezo da Costa da Morte. O litoral esténdese desde a desembocadura do río Xallas ata a praia de Lariño. É unha costa exposta que alterna áreas rochosas de pouca altura con enseadas e areas na que podemos atopar ecosistemas moi variados (cantís, dunas, areas, marismas e illotes...) que acollen unha gran biodiversidade, entre as que se atopan especies únicas ou moi pouco comúns. Unha boa parte está protexida nos LIC "Carnota-Pindo" e "Monte e lagoa de Louro". Conta tamén coa Reserva Mariña de "Os Miñarzos".

As principais actividades son a pesca, a acuicultura, o sector forestal e o turismo. O concello conserva un importante patrimonio histórico-artístico e etnográfico: petróglifos, núcleos tradicionais, salgas, hórreos, peiraos, embarcacións tradicionais... A costa ten un enorme interese xeolóxico, ecolóxico e paisaxístico.



TURISMO MARIÑEIRO. Proxecto Mar de Lira. É unha iniciativa de turismo activo que naceu na confraría de pescadores de Lira co fin de dar a coñecer a vida arredor do mar (o medio, os traballos, as tradicións, a fala) con ollos de mariñeiros, e dinamizar o mundo mariñeiro da zona.

- 1-Cadoiro do Xallas
- 2-Enseada do Ézaro
- 3-Punta Chamadoiro
- 4-O Pindo
- 5-Praia do Sinal. Punta do Fornelo.
- 6-Punta Rabela.
- 7-As Morroás. A Laxiña.
- 8-Praia de San Pedro
- 9-Punta da Cruciña. Punta Boxeco.
- 10-Praias de Quilmas
- 11-Petón dos Turcos
- 12-Punta Quilmas
- 13-Salitres
- 14-Praia do Pedrullo
- 15-Praia de Corna Becerra
- 16-O Portiño. Puntas do Carreiro de Luce e da Lomba.
- 17-Punta e praia dos Carballiños
- 18-Porto dos Negros. Tallos Redondos.
- 19-Punta e illas da Curra
- 20-Enseada da Curra. Rego dos Muíños. Petón Cagado.
- 21-Punta da Pedra Loira. A Carreira.
- 22-Portiño de Panchés. Puntas Lapra e do Garamelo.
- 23-Illa Corveira. Praia da Insuela.
- 24-Os Fartos e Punta de Caldebarcos
- 25-Praia e dunas de Caldebarcos
- 26-Marisma de Caldebarcos/ A Berberecheira
- 27-A Boca do Río
- 28-Praia de Carnota
- 29-Marismas de Carnota. A Lagoa.
- 30-As Pedras da Area
- 31-O Caxido. A Cangrexreira.
- 32-O Corveiro
- 33-Praia das Salsas
- 34-Praia de Cons
- 35-Praia do Cancelo. Outeiro da Corda.
- 36-Praia do Mar de Lira. A Legüiña. Illas do Mar de Lira.
- 37-Praia de Sasebe
- 38-A Beirada. Punta de Rebordelo
- 39-Praia de Porto de Portocubelo
- 40-Punta de Portocubelo
- 41-Praia de Porto Ancho
- 42-Os Forcados
- 43-Praia da Gavota. Praia da Barca
- 44-Punta dos Remedios. Illote Angueiro.
- 45-Os Miñarzos
- 46-Porto Balea. Punta Cabalar.
- 47-Praia do Ximprón
- 48-Punta Prouso Rubio. Porto das Cabras
- 49-Porto e praia de Ardeleiro
- 50-Punta e praia de Susiños
- 51-Os Raposeiros
- 52-Surreseco (Area dos Botes)
- 53-Ucha da Arca. Praia da Arca
- 54-Praia da Xeda
- 55-Punta do Leiradal (Ínsua). Petón da Ínsua. Faro.
- 56-Praia de Lariño
- 57-Rego dos Feais ou de Lariño.




PERCORRIDO

Propoñemos un primeiro achegamento a unha costa que ofrece numerosas opcións para facer camiñadas ou pasar un tempo de lecer de varias xornadas.

Comezamos cunha visita ao **cadoiro do Xallas**, no linde con Dumbría, ao que se accede cruzando a **ponte de Ézaro**. Á volta temos boas vistas da **enseada de Ézaro** e da costa da **punta Chamadoiro**. Seguimos pola estrada da costa en dirección a Carnota e facemos unha parada no **Pindo** para ver a praia e o porto. Un pouco máis adiante chegamos á **praia de San Pedro**, desde a que se pode acceder á **punta das Morroás**. Chegamos logo ao Porto de **Quilmas** e baixamos (a estrada é estreita) para coñecer as **praias**, o conxunto de construcións (chabolas, salgas) e a **punta de Quilmas** onde hai formacións rochosas moi fermosas e unha vistas espectaculares de toda a **Costa da Cabra** e do litoral ata Fisterra. Un pouco máis adiante, en Quilmas, temos un desvío que nos achega á costa na zona da **praia de Corna Becerra**, **O Portiño** e as **puntas do Carreiro de Luce** e **da Lomba**. O seguinte desvío é pasado Panchés e lévanos á **praia da Insuela**, e un pouco máis adiante atopamos o que nos conduce á **punta de Caldebarcos**, onde atopamos a **praia do Almacén**, un pequeno porto e varios puntos con vistas panorámicas de toda a **enseada e praia de Carnota** e o **monte Pindo**.

De novo na estrada chegamos ao acceso á **praia de Caldebarcos**, onde podemos facer unha visita de vagar ás **dunas e marismas da Berberecheira**. Máis adiante temos os accesos á **praia de Carnota** pola **Boca do Río** ou desde o centro da localidade, aquí podemos pararnos a dar un bo paseo, especialmente se a marea está baixa. A seguinte parada é no **porto de Lira** onde podemos ver a **praia de Portucubelo**, o **porto** e o **Museo do Mar**. Desde alí continuamos ata a punto dos Remedios, **O Ximprón** e o **porto e praia de Ardeleiro** e volvemos de novo a estrada. A última parada facémola na **punta do Leiradal (Ínsua)** onde podemos ver o faro, os restos dun muíño de vento e as praias de Xeda e Lariño, esta última compartida con Muros.




Curiosa forma rochosa no litoral da Curra



1-Cadoiro do Xallas

O Xallas nace no Monte Castelo e, despois de 64,5 km de percorrido cae nun salto de 30 m de altura na enseada de Ézaro. Unha lenda conta que detrás da ferverza existía unha porta máxica vixiada por bruxas. O mozo que se atrevía a pasar chegaba a debaixo do río e podía casar cunha fermosa princesa encantada e acadar unha gran fortuna.



Enxada de Ézaro

2-Enxada do Ézaro. Vista desde o mirador do Ézaro: desembocadura da Xallas, punta, praia e porto do Pindo.




A costa desde Ézaro a Caldebarcos é a caída ao mar do **macizo do Pindo**, formada maiormente por grandes penedos e laxes graníticas onde domina a cor rosada. O macizo tectónico do Pindo está constituído por granodiorita (granito vermello de grandes cristais) no que a erosión deu lugar a bolos, penedos, paredes lisas e pías moi espectaculares. Os puntos máis altos son o Pico da Moa, con 627 m e Penafiel, con 390 m. Ten un gran interese xeolóxico e botánico e conserva restos arqueolóxicos e petróglifos.



Porto do Pindo. O peirao está contruído na punta do Sinal.

3-Punta Chamadoiro

4-O Pindo, a praia de San Pedro e o Macizo do Pindo. Á esquerda a punta das Morroás.





5- Punta do Fornelo.



6-Punta Rabela.



7-As Morroás e o illote A Laxiña.



As Morroás



Os Mouchos



8-Praia de San Pedro, un areal de forma rectangular (400 m de fondo e 200 m de lonxitude) situado entre as puntas de As Morroás e A Crusíña.



Praia de San Pedro e O Pindo



9-Punta da Cruciña



Punta Boxeco.



10-Praias de Quilmas



Praia de Quilmas coas construcións das antigas fábricas de salga e os alboios para gardar as embarcacións e os aparellos dos mariñeiros. Segundo a tradición nestra praia reparaban os normandos as súas naves.



Chabolas da praia de Quilmas ambientadas para a rodaxe dunha película.




Lagoa na punta de Quilmas



Cons na praia de Quilmas. Detrás a punta e o Petón dos Turcos.



12-Punta Quilmas



Rochas traballadas polo mar na punta de Quilmas.



Costa de Cabra. Con este nome coñécese un tramo de costa rochosa con moitos baixos e illotes a algúns areais solitarios (Carballiños, Insuela ou Porto negros...). Abondan as algas que son recollidas para a industria.



13-Salitres




14-Praia do Pedrullo



15-Praia de Corna Becerra



16-O Portiño.



Punta do Carreiro de Luce



Punta da Lomba



17-Punta e praia dos Carballiños




18-Porto dos Negros.



Tallos Redondos.



19-Punta e illas da Curra





Praia do rego dos Muíños (enseada da Curra)




Rego dos Muíños




Petón Cagado




A Carreira



21-Punta da Pedra Loira



22-Portiño de Panchés



Punta do Garamelo



23-Illa Corveira




Praia da Insuela.




24-Os Fartos



Punta de Caldebarcos



Praia do Almacén



Punta de Caldebarcos. Outeiro Alto.



A punta de Caldebarcos acolle un pequeno porto (A Rambla), chabolas dos mariñeiros e restos de factorías de salga.



O Rubio, na Punta de Caldebarcos




Vista desde o alto das Forcadas. A enseada de Carnota ábrese entre as puntas de Caldebarcos (á dereita da imaxe) e dos Remedios (á esquerda). O fondo está ocupado por un extenso areal formado polas praias de Caldebarcos, Carnota, Mar de Lira, Cons, Xaxebe, Portocubelo...

A praia de Carnota e as dunas de Caldebarcos forman un sistema de marismas e dunas fixadas pola vexetación separadas do mar por un gran areal de máis de 7 km de lonxitude (o máis grande de Galiza). Nelas desembocan os ríos Valdebois e Pedrafigueira. A zona de marismas está dividida en dúas partes: Caldebarcos, ao Norte e A Lagoa, ao Sur, divididas pola punta Larada que separa as praias de Carnota e Caldebarcos ou San Mamede.

Conservan unha rica flora e fauna típica de marismas e dunas. É unha importante área de invernada de aves acuáticas.




25-Praia e dunas de Caldebarcos



27-A Boca do Río



26-Marisma de Caldebarcos/ A Berberecheira Areal interior de Caldebarcos é unha área dunha gran riqueza ecolóxica que acolle un importante banco de berberechos.



Limícolas nas marismas de Caldebarcos



Boca do Río



As Treituriñas, na Boca do Río



28-Praia de Carnota



O río Valdebois e o rego de Louredo forman na súa desembocadura unha ampla marisma (Marisma de Estivariña) parcialmente pechada por unha frecha de area na que se asenta un importante sistema dunar.



29-Marismas de Carnota. A Lagoa.



Vista desde a Cangrexreira



30-As Pedras da Area



31-Praia da Malladoira/O Caxido



31-A Cangrexreira




Os Carreiros



O Corveiro Grande



Illote dos Carreiros



32-O Corveiro, e o illote Corveiro Pequeno



As xentes do mar de Lira promoveron a creación da Reserva Mariña de “Os Miñarzos”, a primeira do litoral atlántico da península, con 1.200 ha repartidas en dúas zonas onde non se poderá navegar, fondear ou pescar, co fin de recuperar especies fundamentais para a economía da zona como o centolo, o lumbricante, a nécora u o camarón.



33-Praia das Salsas e illote da Cruz das Salsas




34-Praia de Cons



35-Praia do Cancelo.



Outeiro da Corda.



A Legüña. Illas do Mar de Lira.



36-Praia do Mar de Lira




37-Praia de Sasebe



38-A Beirada



Punta de Rebordelo



A Mediña



Praia de Portocubelo e porto



Costa de Lira

39-Praia Portocubelo. Un pequeno areal de 150 m de lonxitude situado no fondo dunha pequena enseada na que se asenta o porto pesqueiro de Lira.



40-Punta de Portocubelo



41-Praia de Porto Ancho



42-Os Forcados



O Galludo




43-Praia da Gavota




Outeiro dos Robalos





Praia do Porto da Barca



Punta da Enchousa



Praia do Angueiro




44-Punta dos Remedios.




45-Os Miñarzos (ao fondo). Pedras que dan nome á Reserva Mariña do Mar de Lira.

Illote Angueiro



As Saíñas

Alpendrada




46-Porto Balea



Punta de Monte Faro



Porto do Curro



Punta Cabalar.




Samuralla



Porto do Crego



47-Praia do Ximprón



48-Punta Prouso Rubio.



Porto das Cabras




49-Porto e praia de Ardeleiro



O Ariete. Lugar que recorda o naufraxio do buque Ariete



50-Punta e praia de Susiños



51-Os Raposeiros



52- Surreseco (Area dos Botes)




53-Ucha da Arca



53-Praia da Arca



54-Praia da Xeda





Petón da Ínsua.




55-Punta do Leiradal (Ínsua).



Faro de Punta Ínsua.




Restos dun muíño de vento na Punta Ínsua.



56-Praia de Lariño

A praia de Lariño, situada entre as puntas Ínsua e de Lens, pertence aos concellos de Carnota e Muros (onde se chama Ancoradoiro). Mide 1.870 m de lonxitude e ten un largor medio de 55 m. Está formada por area branca de grao medio. As augas son frías e algo perigosas e moi aptas para practicar wind-surf.



57-Rego dos Feais ou de Lariño. Baixa da serra das Forcadas e desemboca na praia de Lariño, onde case desaparece entra as dunas e a area da praia.



Fento mariño (*Asplenium marinum*). Vive nos furados dos cantís e nas fendas das paredes da beiramar.



Corvos mariños



Mazarico chiador (*Numenius phaeopus*)



Blackstonia perfoliata, unha planta que se atopa nas dunas preto das zonas máis húmidas.



As rochas son o lugar idóneo para o asentamento das chuponas, que se poden observa de oreto nas pozas de marea



Nas rectorais de carnota (á esquerda) e de Lira (arriba) atópanse os dous hórreos máis longos de galiza.